




CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que o Alcalde con data vintetrés de outubro de dous mil doce, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 327 / 2012 **Data decreto:** 23/10/2012 **Descrición decreto:** Nomeamento dunha técnica como laboral temporal para execución Programa Aurora dirixido a mulleres do ámbito rural.

DON JOSE IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a proposta de nomeamento dunha técnica laboral temporal do Concello de Boimorto para execución do Programa Aurora, que consta na acta da Comisión seleccionadora deste persoal laboral temporal de data 23/10/2012 a favor de Dna. Natalia Garcia Barreiro con DNI 78786948B.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear a Natalia Garcia Barreiro con DNI 78786948B como técnica persoal laboral temporal para execución do Programa Aurora. Condicionase á formalización do contrato en aplicación da base quinta a presentación pola interesada de declaración xurada de non ter expediente disciplinario nin ser despedido pola Administración Pública así como de non incorrer en incompatibilidade e certificado médico que acredite a súa capacidade para o desempeño do posto de traballo.

SEGUNDO.- Pola orde de puntuación obtida polo resto de aspirantes que acadaron alomenos 2 puntos crear unha bolsa de emprego para a cobertura de vacantes pola seguinte orde de puntuación segundo o establecido na base cuarta, bolsa formada polos seguintes aspirantes e seguindo este orde:

- 1.- M^a del Pilar Varela Urrutia (33266974G)
- 2.- M^a Teresa Rúa Espiñeira (44081722Z)
- 3.- M^a del Mar Souto Liñeira (32877333Y)

TERCEIRO.- Notificar o presente decreto á seleccionada indicada no apartado primeiro deste decreto, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite a súa alta na seguridade social e se asine e rexistre o contrato unha vez presentada a documentación requerida no apartado primeiro.

Boimorto vintetrés de outubro de dous mil doce


O Alcalde

Perante min:
A secretaria

Asdo.- D. Jose Ignacio Portos Vázquez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, en BOIMORTO, a 23 de outubro de 2012



Asdo.- Jose Ignacio Portos Vázquez

